



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado 7 de marzo abriuse a **convocatoria multilateral de proxectos da rede Eureka en Fabricación Avanzada e Industria 4.0**. A través deste instrumento fináncianse proxectos conxuntos de entidades empresariais, entre empresas dos seguintes países: Francia, Hungría, República de Corea, República Checa, Sudáfrica, Suecia, Turquía e España. En España, CDTI actúa como entidade financiadora.

Os **ámbitos tecnolóxicos de fabricación avanzada** obxecto desta convocatoria son: **procesos de fabricación avanzada** incluíndo innovación en procesamento para materiais ou produtos novos e actuais; **sistemas de fabricación intelixentes e adaptables**; **empresas dixitais, virtuais e eficientes**; **colaboración home-máquina**; **fabricación sostible**; e **fabricación centrada no cliente**.

Os proxectos que se presenten deben reunir os seguintes **requisitos**: ter como **resultado un produto, proceso ou servizo innovador** orientado ao mercado; ser presentado por un **consorcio empresarial** formado por alomenos unha entidade dun país membro de pleno dereito que tome parte nesta convocatoria e un segundo país dalgún dos se mencionan no primeiro parágrafo; os proxectos teñen que estar **enmarcados no ámbito tecnolóxico da fabricación avanzada** independentemente de cal sexa o sector do mercado de aplicación; os resultados deben ter un **fin civil**; o **orzamento** debe ser coherente cos desenvolvementos a realizar e coa capacidade técnica/financeira dos participantes; e deben asinar un **acordo de consorcio** entre eles.

O procedemento consta de **dúas fases**: 1) **presentación de pre-propostas** até o 21 de abril de 2017 e 2) **presentación de propostas Eureka**, por parte dos participantes cuxas propostas encaixen no programa, até o 8 de xuño de 2017.

Para obter máis información sobre a chamada podes contactar con **Alicia García Zuazo**(alicia.garcia@cdti.es) e **Carlos Toledo** (carlos.toledo@cdti.es).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

